

O silencio destruído

*O meu nome Acenderá
unha estrela nova En cada
constelación.*

Manuel Antonio

E cando parei, vinme
soa. Vireime e
estaba soa.

Esvaeceuse todo, a realidade
sumida nas tebras, o tempo
detido.
A luz coábase dende outra dimensión.
Eu ficaba soa...

O que un día crin real, non era
máis que quimera. Derrubouse
o todo en ningures.

Voces que afogan no cosmos.

Perseguí a claridade,
seguina séculos; anos luz
Viaxando pola muda escuridade sideral.
Eu son a luz no silencio...

Contigo, eu sempre estiven soa.

Fai SOL

Fai sol, eu sigo na corredoiira
escura. Depúrome.

Derrétense as rúas nos teus pés,
coma o tabaco daquel vello
coma os reloxos de Dalí.

As agullas seguen intactas,
conxeladas
nese momento tan inoportuno...

Corren.

Dan voltas nun suicidio do tempo xusto
cando queres volver ó minuto un.

Fai sol, eu tremo diante da
neveira, e depúrome.

As aparencias, no caneco da
cociña.
Baixo da alfombra escondín os vicios.

Moitos sorrisos no bordo dun cantil...
Os soños arden na larada da indixencia.

Roubáronnos a vida...

O ningures

Sei que nunca poderei contalo,
Asumín que tiña que calar.

Sei que pasou o momento.
Tamén pode ser que pasase o meu.
Seino, pero non podo evitalo.

Por baixo do esquecido,
por baixo das ruínas,
por baixo de ningures...

Fechei aquilo que a censura me fixo gardar.
Choreino todo: a incerteza e o desexo, nun
pranto de medo en branco e negro. Poida
que debera deixalo voar...

Por baixo da máscara, un disimulo enfermo
de todo aquilo que nunca fun quen de dicir.

O mañá, o ningures...
A historia destruída...

O golpe